



EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 11 DE XULLO DE 2008**

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña  
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén  
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez  
Dña.Maria Iglesias Fernández  
Dña.Ana Simons Sánchez  
D.Jose Rodríguez Trigo  
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal  
Dña.Laura Miguez Pérez  
D.Manuel Rafael Estévez González  
D. Manuel A. Gonzalez Marcote  
Dna.Emilia Giráldez Ramirez  
Dña. Teresa Perez Vieira

D. Xose Enrique Fernández Fernández  
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a once de xullo de dous mil oito, reúnen os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.-APROBACION DE ACTA ANTERIOR: Acta de 5 de xuño de 2008.**

O Sr.Alcalde pregunta si hai algunha observación que facer á devandita acta, e non producíndose ningunha, fica aprobada por unanimidade a acta do 5 de xuño de 2008.

**2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os concelleiros dispoñen da relación de ditas resolucións.

**3.-DACION DE CONTA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIONS O BEIRO DA ORDE DO 18 DE MARZO DE 2008 POLO QUE SE REXEN AS CONCESIONS DE SUBVENCIONS DESTINADAS A PRESTACIONS DE SERVIZOS SOCIAIS DAS CORPORACIONS LOCAIS.**



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

Polo Sr.Alcalde dase conta de devandita solicitude.

**4.-DACION DE CONTA DA RESOLUCION DA ALCALDIA DE DATA 17 DE XUÑO DE 2008 POLA QUE SE FELICITA OS AXENTES DA POLICIA LOCAL D.JOSE M. GONZALEZ DENIS E D.BERNARDO MINIÑO FORTES.**

Polo Sr.Alcalde dase conta de devandita Resolución pola que se felicita ós Axentes D.JOSE M. GONZALEZ DENIS e D.BERNARDO MINIÑO FORTES, quens axudaron a unha nena cunha grave enfermidade a un Centro hospitalario de Vigo, e grazas ó cal a nena atópase agora na súa casa en Baredo, sen secuela ningunha.

**5.-APROBACION, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACION DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIONS MUNICIPAIS.**

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra.Interventora.

**SRA.INTERVENTORA.-** El expediente se trae al Pleno para su aprobación puesto que le corresponde como órgano competente dado a su importe, son cerca de 950.000 euros, excede del 10% de los recursos ordinarios del presupuesto. En el Pliego se recogen las características de esta contratación, se trata de un contrato por 2 años prorrogable por períodos anuales y hasta un máximo de otros 2 años, y en el se recogen las instalaciones municipales que abarca; hay algún incremento respecto al contrato anterior, que es del 2005, en cuanto a que ahora se recoge la galaescola, el centro Antena de empleo, y el Centro Cultural de Belesar; como novedad comentar también que se trata de un contrato de regulación armonizada amparada en la nueva Ley de Contratos del Sector público y por tanto requiere la publicación en el Diario Oficial de las Comunidades Europeas, y será por un plazo de 52 días. En cuanto a lo demás, se recogen en el Pliego de Prescripciones técnicas las características del servicio y el período de frecuencia de limpieza.

**SR.RODAL, PP.-** Este concurso público tiene por objeto la contratación, mediante procedimiento abierto, de los servicios de limpieza y mantenimiento de los siguientes edificios: Colegios Públicos de Fontes-Bahíña, Belesar y Sabaris, Preescolar de Covaterreña, Fontes-Bahíña, y Sabaris; plaza de Abastos de Baiona, la Casa Consistorial, Polideportivo del Aral, Centro de Salud de los Tendales, y se incorporará la Guardería cuando entre en funcionamiento, galaescola; Centro Cultural de Belesar, y el Centro Antena. La contratación tendrá una duración de 2 años, como bien comentó la Interventora, con posibilidad de prorrogarse por períodos anuales durante 2 años más, y con un valor máximo de contratación de 245.734 euros anuales, IVA incluído.

El Pliego que elevamos al Pleno para su aprobación contempla todas las cláusulas tanto administrativas como técnicas que deberán cumplir los licitadores, tanto a nivel de operarios de servicio, sus funciones, metodología del trabajo, y todos los medios materiales para el perfecto funcionamiento del mismo.

En relación a los criterios para la adjudicación del concurso, na valoración, un 60% irá en función sobre todo de mejoras en material, así como también la prestación de nuevos servicios; el otro 40% restante será al mejor precio de adjudicación. La Mesa de Contratación estará presidida por el Alcalde y un Concejal de cada agrupación política de la Corporación Municipal, así como la Secretaria, Interventora, y un funcionario de Secretaría.

**SR.LORES, PSOE.-** En primer lugar agradecer ós membros do Pleno a boa disposición á hora de cambiar o día do Pleno por algún problema que tiñamos algún concelleiro do noso grupo; por outra banda sumarnos, como xa fixo o Sr.Alcalde, á felicitación ós membros da Policía Local por seu ben facer como están demostrando día a día, non só neste caso, senón ó longo de todo o ano, de todos os días.



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

Xa dentro da orde do Día nós entendemos que esta é unha cuestión estritamente administrativa, que hai que facer, que o traballo de Intervención está perfectamente desenrolado, polo tanto non temos nada que obxetar. Entendemos que ésta é unha cuestión exclusiva do goberno, polo tanto nós imonos abster posto que é un traballo do goberno, o único que nos gustaría apuntar é que houbera un seguimento un pouquiño máis decisivo na posta en servizo das distintas dependencias porque a veces o servizo ten algunha deficiencia, simplemente que haxa un seguimento deste servizo e que se cumpran todas as cláusulas do contrato dunha forma clara e decidida. Pola nosa parte, non temos nada que obxetar a este punto e vámonos abster na votación.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** En primer lugar felicitar á Policía Local, en concreto ós dous membros que fixeron ese exercicio de cidadanía e cumprindo co seu deber lograron un final feliz.

Por outra lado, centrándonos no punto, o BNG segue mantendo a mesma postura que en anteriores actuacións do goberno, de estar en contra da privatización de servizos municipais; nós entendemos que privatizar un servizo municipal é moi cómodo para un equipo de goberno, pero non trae beneficio de ningún tipo ó colectivo da cidadanía nin ás arcas municipais; a nosa política é que si o goberno necesita persoal, que o contrate, que lle dea traballo ós veciños e veciñas de Baiona, pero non que lle dea ganancias empresariais a futuras empresas que se podan presentar.

Sabemos que agora mesmo este servizo está privatizado, se fixo anteriormente a estar nós gobernando, e se volve a repetir outra vez; polo tanto, pola nosa parte, non estamos dispostos a dar apoio a ningún tipo de privatización a non ser que sexa en causas meramente especiais. Nada máis, moitas grazas.

**SR.RODAL, PP.-** Simplemente comentarle al Sr.Lores, en lo que nos decía de que tuviesemos un mayor control sobre este servicio de limpieza, decirle que sí, de hecho el incremento en el concurso ha sido aproximadamente de un 30%, obviamente había algunas carencias en algunos servicios; decirle también al Sr.Fernández que está hablando como siempre lo hace en otros Plenos, que esta privatización del servicio de limpieza lleva desde el año 95 y ustedes estuvieron gobernando conjuntamente con el PSOE durante año y medio, y en ese año siguió la privatización con ustedes; decirle también en cuanto al tema del personal, que toda la gente que está trabajando en esta empresa, o la inmensa mayoría de la gente, es de nuestro pueblo. Muchas gracias.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Efectivamente estivemos gobernando ano e medio, dende o 2003 ata o 2004, pero o contrato que tiña a empresa non lle finalizou ata despois de estar nós gobernando, polo tanto non podíamos rescindir o contrato. E probablemente haxa varios veciños e veciñas deste pobo traballando nas empresas, pero pregúntelles vostede canto gañan, e pregúntelles cantas horas traballan, e canto gañarían si estiveran traballando para o Concello; nada máis, moitas grazas.

-----  
**Se procede polo Sr.Alcalde á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); votos en contra, 2, BNG; producíndose 6 abstencións, PSOE.**  
-----

**Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:**

**Primeiro.- APROBA-LO expediente de contratación do servizo de limpeza das instalacións municipais cun orzamento de 211.839 euros/ano máis ó IVE que ascende a 33.894,37 euros cun prazo de duración de dous anos prorrogables por outros dous con procedemento aberto a oferta economicamente máis vantaxosa**



EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)

**Segundo.- APROBA-LOS Pregos de Cláusulas Administrativas particulares e Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.**

**Terceiro.- Abri-la fase de licitación do contrato mediante a inserción do anuncio no taboleiro de anuncios, no DOCE e BOE para que no prazo que se sinale no anuncio de licitación os licitadores poidan presentar as súas propostas.**

### **6.-APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACION PUNTUAL Nº 5 DO PLAN XERAL DE ORDENACION URBANISTICA DO CONCELLO DE BAIONA.**

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra.Simons, PP.

**SRA.SIMONS, PP.-** Primeiro vamos a leer unha enmenda porque houbo un erro no prazo de sometemento á exposición pública, que en lugar de 1 mes é de 2 meses.

A enmenda dí: A Lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de Ordenación do territorio do litoral de Galicia, no seu artigo 7.5 determina: "O Plan aprobado inicialmente, con todos os documentos que o integran, incluído o informe de sostenibilidade ambiental, someteráse simultaneamente ás consultas previstas no documento de referencia e a información pública durante o prazo mínimo de dous meses mediante anuncios que se publicarán na forma que determine a lexislación reguladora do procedemento de aprobación do Plan".

E por isto polo que se propón, en virtude da lei, a aprobación da seguinte enmenda no segundo apartado da parte resolutiva da Proposta, e SEGUNDO: Someter o expediente á exposición pública polo prazo de 2 meses a través de inserción de anuncio no Diario Oficial de Galicia e en dous periódicos de maior difusión na Provincia.

---

Procede agora a Sra.Simons, á lectura da seguinte:

#### **PROPUESTA DE ALCALDÍA**

Resultando que en data 18 de maio de 2008 os servizos técnicos redactan unha modificación puntual numero 5 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Baiona aprobado definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Pontevedra o 30/05/1994 e posteriormente publicado no BOP de data 2/08/1994. A devandita modificación ten por obxecto subsanar determinadas deficiencias do Plan Xeral vixente no tocante ós usos permitidos nas ordenanzas 1, 2 e 3 no solo urbano, incluíndo usos compatibles co residencial que surxen como consecuencia. De esta forma o que se pretende é asignar de forma específica usos non previstos compatibles co uso residencial que surxen de novas necesidades da vida social e familiar.

Resultando que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible resolve que non é necesario someter á avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual número 5 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Baiona.

Resultando que segundo o artigo 93 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia non é preciso informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes previo á aprobación inicial.



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

**Resultando que o órgano competente para a aprobación é o Pleno da Corporación, a aprobación inicial do planeamento xeral segundo o disposto no artigo 22.c) LRBRL requirindo a maioría absoluta do número legal de membros conforme o disposto no artigo 47.II) da devandita lei**

**PRIMEIRO.- Aprobación inicial da modificación número 5 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Baiona.**

**SEGUNDO.- Someter o expediente á exposición pública polo prazo de dous meses a través de inserción de anuncio no Diario Oficial de Galicia e en dous periódicos de maior difusión na provincia.**

**TERCEIRO.- Dar audiencia ós Concellos limítrofes.**

**CUARTO.- Remitir o expediente ás Administracións públicas competentes ó fin de recabar os informes sectoriais oportunos.**

---

**SR.LORES, PSOE.-** Que a estas alturas do desenrolo do actual Plan Xeral, que estamos en portas de presentar un novo Plan Xeral, se presente unha modificación pois sorpréndenos e dá a impresión da pouca decisión que este goberno ten de apurar porque o novo instrumento de planeamento se aprobe, se discuta, e sirva para o mellor desenrolo da nosa Vila. Sorprende que a estas alturas aínda se siga con modificacións cando xa temos un equipo redactor, xa temos un novo Plan en marcha, que está ahí, medio parado por parte do Concello.

Tamén é certo que hai unha serie de veciños e de empresarios que teñen moitos problemas para poder dar licenza ós seus negocios, entón isto leva a que se faga esta modificación de usos; nós, en principio, non vamos a estar en contra de que estes veciños, ou empresarios, poidan legalizar a súa situación e poidan desenrolar os seus proxectos de comercio, e polo tanto vamos a abstermos neste punto.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** A nós tamén nos sorprende que a estas alturas, despois do ano 1994, se chegue á conclusión de que fai falla unha modificación puntual tan importante como pode ser ésta, non polo que é en si a mesma proposta, senón polos agravios que puideron haber ocorrido neste Concello; en principio é unha proposta xustificada pero, como decimos, está un pouco fora de tempo posto que estamos ás portas do cambio dun Plan Xeral; despois de tantos anos que se veña a estas alturas, supostamente ás portas da aprobación inicial dun novo Plan Xeral, pois é un pouco chocante.

En todo caso esta é unha proposta que trata de resolver unha eiva máis das tantas que ten o Plan Xeral e que como todas as eivas normalmente solen ser aproveitadas polos máis listillos, ou incluso tamén polos amigos dos membros do goberno municipal. Digo isto, Sr.Alcalde, porque o BNG está preocupado porque fai 2 meses presentamos unha denuncia neste Concello contra un promotor inmobiliario que está realizando unha promoción no Burgo e cal foi a nosa sorpresa de que a obra xa rematou, de varios chalets, e unha casa que está en Patrimonio catalogada, se rematou a obra, co consentimento tácito do equipo de goberno pese a haber informes da Policía Local decindo en qué condicións estaba esa obra; e presentamos unha denuncia tamén na Consellería de Cultura; esta Consellería abriu un expediente sancionador por falta moi grave, á que lle corresponde unha sanción económica, si se resolve executála, de entre 10 e 25 millóns de pesetas; o goberno local, a raíz de iso, sí paralizou as obras, pero xa están rematadas, evidentemente; pero o que nos preocupa a nós é que nesas obras existe un cartel da promotora decindo "se vende"; e nos preocupa porque senón o denunciásemos nos facemos cómplices dese promotor, dunha ilegalidade evidente. Calquer veciño de Baiona, ou calquer foráneo, que merque unha vivenda desa promoción e pague terá que comparecer no Xulgado; eu pediríalle ó goberno local que tome as medidas oportunas para informar dalgún xeito ós futuros compradores desa promotora del lio en que se van a meter si mercan un chálet deses.

Cando nós gobernamos se viviu esa mesma situación co apartahotel de Sabarís, e fixemos unha inscrición no Rexistro que vostedes nada máis entrar a gobernar, por certo, retiraron.



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

**SR.ALCALDE.-** Sr.Fernández, non sei de que parte da modificación puntual nº 5 está falando vostede, despois poderemos falar doutras cousas e puntualizálas, pero me gustaría que acabara o punto que estamos discutindo e despois falaremos do que queira.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Estou no punto, eu xa sei que isto que lle estou decindo que non lle gusta, pero ten que escoitálo, e lle pido encarecidamente que tome as medidas oportunas para que a xente non teña lugar a enganar, para que non se sinta estafada, nin timada; o que merque un apartamento deses, que sepa onde se mete, porque ao mellor o letrado non se pode retirar, e lle poden vender algo ilegal; pero os veciños que compren teñen que saber que o que están comprando non ten licenza, e que foi executada durante varios anos a obra sen ser paralizada; polo tanto pedimos que tomen as medidas oportunas.

E máis eivas que poida ter este Plan Xeral haberá que ir revisando si é que nos van a tardar en presentar a aprobación inicial, digo isto de que pode haber máis eivas porque polo que nós supemos estes días o equipo de goberno ten en outubro un xuízo por unha querrela criminal por presunta prevaricación. Polo tanto creo que deben de seguir estudando o Plan Xeral e rectificar as eivas que teñan para que o equipo de goberno teña unha seguridade xurídica, porque cando un fiscal acepta a trámite unha querrela criminal por algo será; nada máis.

**SR.VILAR, CMÑ.-** O Sr.Fernández dá a impresión de que nos quer amenazar a todos, que vamos a saír de aquí temblando; pero eu despois de mirar o que mirei o outro día, ó Sr.Fernández defendendo a certas persoas (despois falaremos dese asunto) lle direi que hai que ser máis coherente. Nós vamos a centrarnos neste punto; esta é unha modificación lóxica unha vez que o Plan Xeral de Baiona está consolidado practicamente no 90%, Baiona hoxe en día é unha cidade, e existen unhas necesidades normativas para regular o uso de certas actuacións que se fan en vivendas para facer compatible coa residencia, usos normais que ocorren en calquer cidade, neste caso de Baiona se queren pór garderías en zonas que ao mellor antes non ofrecían esa posibilidade, ou certos despachos de avogados, ou calquer outra actuación que se poidan facer en edificios, como ocorre en todos os sitios; e nós o facemos cun criterio realista e baseados nun Plan Xeral vixente; é certo que temos un Plan Xeral aí en tramitación, pero todos sabemos que que está pasando na Xunta de Galicia, a inseguridade xurídica que está creando no planeamento urbanístico é enorme, están sacando leis constantemente, non recibimos aínda información sobre o noso Plan Xeral, estámolle rogando que queremos sentarnos con eles para falar, para dialogar, e para pór sobre o terreo cal é a realidade do futuro desenrolo de Baiona e de momento nos están dando a calada por resposta; hai un prazo, si ese prazo non se cumpre entrará en vigor o vixente Plan Xeral que é o que nós temos aprobado e que nadie se pode saltar; e polo tanto a nós esta modificación nos parece lóxica para seguir camiñando. Si efectivamente se aproba inicialmente o Plan Xeral, iniciamos da man da Xunta de Galicia a posible aprobación do noso, pois todo isto quedará superado, quedará regulado cun novo Plan Xeral.

Nos parece que non hai que perder o norte, que hai que seguir avanzando, que temos un Plan Xeral e sobre todo que teña os usos compatibles é o que nós tratamos de regular con esta modificación, e polo tanto creo que é lóxico aprobala.

Todo o demáis, todas esas situacións tremendistas que lanzou o portavoz do BNG, están fora de contexto, non se axustan ó punto, son mentira, e creo que cando unha persoa mente como mente o Sr.Fernández o mellor é non entrar nin siquera a debatir. Vamos a aprobar este punto polo ben de Baiona que é o máis lóxico.

**SRA.SIMONS, PP.-** Simplemente responderlle ó Sr.Lores que o Plan Xeral non está medio parado, está enteiro, pero non é por culpa do Concello de Baiona, é por culpa da Xunta de Galicia e en concreto da Consellería de Política Territorial.

Na parte que se refire á modificación do Plan, dicir que repercute nos ámbitos do solo urbano, que non están suspendidas as licenzas.

**SR.LORES, PSOE.-** Reiterar a nosa extraneza por esta modificación a estas alturas; quero dicir tamén que o que se está a vivir, a sentir, e a ver, non só polos veciños e veciñas, senón incluso por xentes do sector, é



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

que nestes momentos a situación urbanística de Baiona é preocupante, preocupante porque temos paralizadas as licenzas, temos un Plan Xeral que tampouco se lle ve decisión política a este goberno local de tirálo para adiante, que non se lle ve decisión, simplemente se trata de cubrir trámites administrativos, non se ve decisión política de chegar a acordos; a nós sorpréndenos moito esta modificación a estas alturas do desenrolo do actual Plan pero entendemos que o pobo non se pode paralizar pola ineficacia dun goberno, non podemos opoñernos a isto posto que a xente ten que poder desenrolar os seus proxectos de comercio e de vida; polo tanto imos simplemente a abstermos porque como dixen nos sorprende pero non podemos votar en contra.

**SR.FERNANDEZ BNG.-** Vamos a ver, Manolo Vilar, eu non minto, vostede ó mellor aínda non se enterou de que ten unha querella criminal como membro do equipo de goberno, en outubro terá que pasar polo Xulgado, vostede e os membros do equipo de goberno; eu non sei si teñen vostedes razón ou ten razón que lle presenta a querella, eu non sei, haberá que esperar acontecementos; en todo caso lle podo asegurar que si eu fora membro do equipo de goberno alomenos estaría preocupado e buscando un abogado. Si tembla ou non, non o sei, imaxino que estará acostumado pola de veces que lle teñen metido medo e que lle teñen cargado; e nese caso eu non sei si son culpables ou non, non o sei, pero na obra de Promociones Luis Barros, sí, por deixadez, porque deu tempo a facer a promoción durante varios anos, incluso habendo informes da Policía Local deste Concello, e fixeron vostedes a vista gorda, en iso sí que estou seguro de cales foron os acontecementos; e por iso lle pido que tomen as medidas oportunas para que non se engane á xente, para que os veciños que vaian a mercar un apartamento deses sepan onde se meten, que teñan coñecemento de que non teñen licenza municipal e que é unha obra cun expediente sancionador de ata 25 millóns de pesetas pola Consellería de Cultura e Patrimonio, iso teñen que sabélo.

E a cuestión é que este promotor non é a primeira vez que fai eso, saiban que en varios Concellos xa houbo irregularidades deste tipo, e nunca pasa nada, pero os paganinis son os que compran a casa, se hipotecan, e ven a sua vida arruinada, por iso vostedes teñen a responsabilidade de tomar as medidas oportunas, xa que a sua pasividade deu por finalidade que este promotor rematara as obras, e calquer persoa que vexa o letrado pode mercar unha vivenda desas e meterse nun lío moi grande. Polo tanto lle pedimos que tome as medidas oportunas; nada máis.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Hai unha cousa que quero aclarar aquí: todas as licenzas que se dan no Concello de Baiona están reguladas, contan cos informes técnicos e xurídicos, e si están dentro de Patrimonio contan cos informes de Patrimonio; todo iso é correcto sempre; ¿qué a Comisión de Patrimonio a veces abre un expediente e pón multas como cando nos denunciara vostede polo da rúa Porta da Vila?, rúa por certo que estabamos arranxando, rúa de interés xeral para os veciños, e resulta que nos abren un expediente incitado polo Sr.Fernández, cousa increíble: incitando vostede a Patrimonio para que nos multara, unha obra na Porta da Vila no cruce con Herminio Ramos, en fin, vaia vostede a mirar como está a obra feita; vostede sabe moito de denuncias, sabe moitos de coaccións; pero vamos a distinguir, si un promotor ten aberto un expediente de Patrimonio ten unha vía xurídica para alegar, alí e no Concello; todas as licenzas están regladas, axustadas a Dereito, e terán a primeira ocupación cando haxa que darlla, cando conte con todos os informes favorabeis. E si alguén quer mercar unha vivenda, pois nunha economía de libre mercado pode mercar o que queira, pero nunca lle achaque a culpabilidade ó Concello, nós non somos promotores nin axente inmobiliarios que estamos no mercado, non, nós damos unha licenza axustada a un planeamento urbanístico e punto. Polo tanto non sexa vostede tremendista, tranquilícese un pouco.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Vostede é moi hábil e está falando para ó público; non ten licenza municipal, o promotor Luis Barros para esa obra non ten licenza municipal, fixo a obra sen licenza cos informes no Concello da Policía Local e vostede non fixeron caso deses informes, non ten licenza municipal.

**SR.ALCALDE.-** Eu quixera aclarar un par de cousas, sobre todo para que o Sr.Fernández teña a información completa porque parece que non coñece parte do expediente: este promotor ten un expediente aberto, ten sancións por parte do Concello de Baiona, e é máis, vou a comentar algo do que vostede ao mellor non se dá



**EXCMO. CONCELLO**  
**DE**  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

conta e que é algo bastante grave, que é que este grupo de goberno anulou unha licenza de parcelación que habían concedido vostedes cando estiveron no goberno a este promotor onde se lle permitía facer a parcelación para despois construír chalets; nós anulamos, enviando todo o expediente ó Consello Consultivo de Galicia, que nos deu a razón; e neste momento este promotor está contra o Concello de Baiona, non polo penal, senón no contencioso-administrativo, precisamente por esa parcelación que vostedes deron e co cal alí se podería facer un grupo de chalets.

Polo tanto o Concello de Baiona respeta moito todas as actuacións e neste momento ese señor, que como ben dí vostede non ten licenza municipal, aínda que él diga nos recursos que nos presenta ao expediente aberto que sí a ten por silencio administrativo, pero evidentemente non a ten, non ten permiso municipal, foi paralizado e foi sancionado, isto sobre este punto.

Sobre outro punto que comentou vostede, xa que estamos falando da modificación nº 5 decir que creo que vostede non ten nada que decir porque non dixo nada sobre ela, soamente falou vostede de amigos, de que nós temos moitos amigos, e aquí non se trata de amizade, se trata da modificación nº 5, non fala vostede dela, incluso o PSOE se abstén porque entende que non ve nada especial; pero sí decirlle que me alegro de que vostede aparte de traballar en UNION FENOSA e de ser concelleiro sexa notificador xudicial, o digo porque nos anuncia unha querrela criminal, non só unha querrela criminal senón que nos dí cando vamos a ir ó Xulgado, e digo eu como Alcalde que si dende logo teño que ir ó Xulgado en outubro ou en calquer momento por defender a legalidade urbanística deste Concello, irei; e como verá todos os informes sempre a favor, o verá cando estemos alí; eu son respetuoso coa Xustiza e me extrana que a notificación veña por un portavoz dun grupo político, notificación que oficialmente non temos, pero non pasa nada, vamos a defender todos os dereitos dos cidadáns de Baiona, e dende logo a legalidade vai a estar por encima de todo isto.

-----  
**Se procede polo Sr.Alcalde á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMN, 2, BNG); producíndose 6 abstencións, PSOE.**  
-----

**Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:**

**PRIMEIRO.- Aprobación inicial da modificación número 5 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Baiona.**

**SEGUNDO.- Someter o expediente á exposición pública polo prazo de dous meses a través de inserción de anuncio no Diario Oficial de Galicia e en dous periódicos de maior difusión na provincia.**

**TERCEIRO.- Dar audiencia ós Concellos limítrofes.**

**CUARTO.- Remitir o expediente ás Administracións públicas competentes ó fin de recabar os informes sectoriais oportunos.**

**7.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION SUSCRITA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG, PP, E CMN, SOBRE A DIRECTIVA DO TEMPO DE TRABAJO NA UNION EUROPEA.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó Sr.Fernández, BNG, que presenta a seguinte MOCION:





EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**OS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG, PP, E CMÑ, NO CONCELLO DE BAIONA,  
PRESENTAN A SEGUINTE MOCION SOBRE A DIRECTIVA DO TEMPO DE TRABALLO NA  
UNION EUROPEA**

**EXPOSICION DE MOTIVOS.**

O pasado 9 de xuño en Luxemburgo, os ministros e ministras de Traballo dos 27 Estados da Unión Europea aprobaron, por maioría cualificada, a proposta de modificación da Directiva Europea sobre Tempo de Traballo.

Entre as modificacións previstas está a de incrementar a xornada laboral semanal, superando as 48 horas actuais, que poderá chegar até as 60 horas semanais, e, no caso dos traballos con gardas, até as 65 horas. Estas xornadas poderán facerse en cálculo trimestral, co cal as horas semanais aínda poderán ser máis, xa que o único requisito para este incremento de xornada é un acordo individual entre a empresa e o traballador ou a traballadora.

Esta proposta do Consello de ministros e ministras de Traballo da UE chega logo de catro anos de debates e seis intentos frustrados, e racha con toda unha traxectoria, moi anterior á creación da UE, de redución das xornadas laborais.

Claro que tamén debemos destacar o apoio decidido do PSOE a esta modificación, co significativo abandono no transcurso da reunión onde se acordou do ministro español de Traballo, e a abstención na votación da delegación do Goberno Español, que resulta aínda máis grave.

A loita pola minoración da xornada é unha constante da historia do movemento obreiro. A finais do século XVIII e comezos do XIX, os traballadores e traballadoras facían xornadas de até 16 horas diarias, dando lugar ao AMovemento polas dez horas@ que, logo de anos de protesta, consegue as dez horas laborais, aprobada polo Parlamento inglés en 1847, cumpríndose inicialmente só para homes menores de dezaioito anos e mulleres de calquera idade; posteriormente, en 1874, xeneralizouse a todos os traballadores e traballadoras o límite máximo de 10 horas ao día. E agora a xornada proposta polos ministros e ministras da UE vólvenos a aquela data do ano 1847.

A primeira regulación que abarcou unicamente á duración da xornada laboral foi na Conferencia Xeral da Organización Internacional do Traballo (OIT), hai 91 anos, na que se acordou unha xornada de 8 horas ao día e 48 horas á semana. E en 1983, aprobouse no Estado Español, que a xornada máxima sería de 40 horas semanais.

Para o BNG, esta proposta dos ministros e ministras de Traballo da UE, é o maior retroceso social dos últimos anos e vai no camiño contrario dos logros que, logo de moitos anos de loita sindical, dábanse por consolidados.

Cada vez máis a desregularización do mercado laboral, dende normativas ou sentenzas europeas, incide negativamente nas conquistas sociais dos traballadores e das traballadoras galegas.



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

**E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación Municipal para a adopción do seguinte**

**ACORDO:**

- 1.- Rexeitar a proposta de modificación da directiva sobre Tempo de Traballo realizada, o pasado 9 de xuño, pola maioría cualificada de ministros e ministras de Traballo da Unión Europea.**
- 2.- Trasladar este acordo á Presidencia do Goberno do Estado, á Presidencia do Parlamento Europeo e a todos os Grupos Parlamentares que conforman a Cámara Europea.**
- 3. Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno Central demandándolle que manteña en todas as reunións oficiais que se celebren sobre esta problemática unha posición claramente contraria a modificación desta Directiva.**

-----  
**(Sendo as 12,40 horas abandoa a Sala o Sr.Manuel Marcote, do PSOE).**

-----  
**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Comentar que esta moción foi presentada polo BNG e unha vez presentada na Comisión Informativa solicitaron adherirse a ela os grupos de goberno de CMÑ e PP.

**SR.ALCALDE.-** Foi un acordo que se estableceu e por iso aínda que a moción está presentada polos 3 grupos a leíu o Sr.Fernández.

**SR.RODAL, PP.-** Los ministros y ministras de Trabajo de la Unión Europea han dado luz verde a la posibilidad de que cada Estado pueda manifestar su legislación para aumentar la jornada laboral aprobada por la Organización Mundial de Trabajo en el año 1917, en 48 horas semanales, y que ponía fin a una larga historia de jornadas prolongadas y penosidad laborar. Esta medida de la posible ampliación a las 60 horas y en ciertos colectivos a los 65, como son los médicos, supone un gran retraso laboral, un paso atrás en la evolución de los derechos de los trabajadores, sería seguir el modelo británico que ha ejercido en el Reino Unido desde el año 1993, que permite que cada trabajador pueda pacta con su empresario de una forma libre el tiempo de trabajo, menoscabando un pilar fundamental de nuestro sistema de derecho laboral como es la negociación colectiva consagrada en el art. 37 de la Constitución y en el 87 y 88 del Estatuto de los trabajadores.

Desde el Partido Popular creemos que esta medida no solo no aumentará la productividad sino que generará más paro, aumentará el riesgo y la inseguridad en el trabajo porque con esas horas habrá más accidentes y aumentará tremendamente la competitividad entre los países y las propias empresas europeas porque el que más trabaje podrá vender a un precio inferior y dinamitará los cimientos en los que se basan los pactos sectoriales o de las grandes empresas para adaptar los turnos de trabajo a las necesidades de producción.



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

En definitiva, no estamos de acordo con una medida de esta natureza que perjudica la conciliación entre trabajo y vida familiar, que además es contraria a la seguridad y a la salud en el trabajo, y que abre la puerta a prácticas de competencia desleal entre empresas, de ahí que apoyemos esta Moción presentada inicialmente por el BNG para mantener la actual semana laboral así como la vigencia de la negociación colectiva como vía para alcanzar acuerdos en el ámbito laboral. Las 24 horas diarias están compuestas de las llamadas 3 Gracias: 8 horas para trabajar, 8 horas para formación y ocio, y 8 horas para descansar; muchas gracias.

**SR.LORES, PSOE.-** Efectivamente esta iniciativa dos ministros de Traballo da Unión Europea ós socialistas tampouco nos gusta como non podía ser doutro xeito, isto racha o marco consagrado pola OIT fai 91 anos, pero tamén hai que decir que esta iniciativa de aumentar a xornada laboral máxima levaba tres anos paralizada pola oposición decidida de 3 países: Italia, Francia, e España. As tendencias seguidas por Francia, posteriormente de Italia, esa tendencia ata unha posición ideolóxica e política liberal, fixo que estes dous países racharan nestes momentos, se saíran, dese bloque que se opuña, máis que o aumento da xornada laboral, a abolir a negociación colectiva, que iso sí que era xustamente o que máis penas, esforzos, e máis cousas, lle costou á clase traballadora durante 90 anos de loita por esa negociación colectiva que é a única forza que ten o traballador para enfrentarse ó patrón, ó empresario. Agora o que se pretende con isto, e con esa tendencia liberal do Estado Europeo, onde o grupo popular europeo está facendo moito dano nestas políticas antisociais, por iso que a veces sorpréndenos este tipo de cousas, porque isto ven por onde ven e vai a onde vai, o que trata é de volver a esa negociación individual de patrón e traballador onde a forza do traballador individualmente queda moi mermada; a forza dos traballadores está na negociación colectiva, está en que os empresarios teñen que negociar cos representantes dos traballadores, e non hai esa presión diario dun salario para poder vivir. Nós rexeitamos totalmente que se trate de abolir a negociación colectiva e que se pase á posibilidade de que cada empresario poida forzar ós seus traballadores a traballar máis horas, máis tempo, e en peores condicións; iso é algo que as políticas ideolóxicamente liberais do grupo popular europeo están facendo, con moito dano para as consecucións sociais de loita dos traballadores. Polo tanto o noso discurso é totalmente contrario a esta ampliación de xornada, e non só de xornada, senón a veces de condicións propias de traballo.

O único que pedimos para poder dar o voto afirmativo a esta moción é que na exposición de motivos se exclúa este parágrafo que dí que o PSOE está a favor desta modificación porque non é certo, porque as declaracións do propio Ministro de Traballo din que o Goberno de España segue a mantér a súa frontal oposición á directiva, que suporía, según as palabras do Ministro, unha auténtica regresión social; por isto non entendemos como se pode incluír nesta xustificación de motivos algo que é incerto; é máis, para nós, se isto vai para arriba, sería como aceptar que as normas sociais deixan de ser voluntarias polo tanto deixan de ser normas, polo tanto non podemos aprobar unha directiva que deixa a cada Estado facer o que lle dá a gana con respecto ós traballadores; na Europa social iso pasaría a ser soamente un adorno retórico, non tería ningún valor; nós estamos totalmente en contra.

O único que pedimos é que se exclúa ese parágrafo da exposición de motivos e tamén nos gustaría que se expresase que o Pleno de Baiona mostra a súa confianza no diálogo social e na negociación colectiva, e tamén que esta enmenda non só se mandara a instancias do Estado Español e da Xunta de Galicia, senón que tamén se enviara ó Parlamento Europeo para que tamén fora conscente do que opinamos no Pleno de Baiona. Moitas grazas.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**SR.VILAR, CMÑ.-** Estamos a favor deste tema, incluso aquí no Concello se está traballando 37 horas e media, o que creo que é bastante razoable, e nós entendemos que non soamente hai que traballar senón que hai que ter tempo para o ocio e para o descanso, e sobre todo si hai algo que aumentar é máis operarios, eliminar xente do paro, ante a crise que se vai a presentar, unha crise que por certo o Goberno non quer recoñecer, esperemos que non sexa tan grave como realmente todo parece indicar que así vai a ser, e que o tema do paro afecte ó menor número de familias. Polo tanto creemos que esta medida, si se levara a cabo, se faría no peor momento da economía en Europa, agravada en España moito máis, e polo tanto nós estamos a favor rotundamente desta Moción para que polo menos a repercusión que nun Concello pequeno como é Baiona pois teñamos todos a idea clara do que representa aumentar máis as horas de traballo: máis paro e sobre todo menos horas de descanso para os traballadores.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Eu pediríalle ós grupos un pouco de coherencia; nos sorprendeu que o PP e CMÑ se adheriran a esta Moción xa que en principio son membros dun partido da dereita, non sabemos que pasaría en Valencia, ao mellor houbo un xiro, e ó final van a caer da cama abaixo de tanto que xiran, pero esperemos que o xiro sexa para ben. Nos sorprendeu que se adheriran xa que a proposta ven dos gobernos da dereita europea; non lle podemos pedir ó Sr.Vilar que sexa coherente nin na Xunta, nin en Galiza, nin en Europa, porque non ten representación, decía que aquí se traballan 37 horas e media, e iso non todos, e non me refiro ós traballadores; en todo caso Sr.Vilar, si hai que ser coherente aquí tamén, e isto xa vai por vostede e polo resto dos grupos, ¿porqué digo isto?, porque aquí se aprobou unha Moción fai uns meses onde se aprobaba e se apoiaba á Asociación de Comerciantes para que se abriaran os comercios de Baiona dende as 8 da mañán ata as 2 da mañán ininterrumpidamente sábados e domingos, e se aprobou esa Moción cos únicos votos en contra do BNG, os únicos votos en contra; é dicir, que unha persoa se levanta ás 8 de mañán, se vai para o comercio, e ata as 2 horas da mañán non volta á casa, Sr.Rodal, nin 8 horas para dormir, nin 8 horas para comer, nin 8 horas para disfrutar, ou sexa: traballo, traballo, e traballo; por iso nos alegra este xiro do PP, nos congratula, e por iso mesmo aceptamos, evidentemente, que se fixeran partícipes desta Moción. Pero hai máis, o PP asinou e apoiou o tratado de Lisboa, e o tratado de Lisboa se concreta a precariedade do traballo e este tipo de directivas que permiten ampliar o tempo de traballo, por iso digo que nos alegamos do xiro que pegaron.

**SR.ALCALDE.-** A moción é presentada polo BNG, polo PP, e por CMÑ, e resulta que o único ataque é ó PP e a CMÑ. Repito que estamos de acordo coa Moción, e en Vigo incluso tamén a asinaron o BNG e o PP, o PSOE non o sei; estamos na mesma Moción Sr.Fernández.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Estou seguro de que este cambio de criterio, porque alá se fixo unha cousa e aquí se está pedindo outra, sería polo xiro que pegaron en Valencia, evidentemente, non pode ser doutro xeito, senón sería unha incongruencia; e ós compañeiros do PSOE voulles a dicir o mesmo, ó seu representante, nas votacións abstúveronse, abstúveronse nas votación, e os seus representantes apoian o tratado de Lisboa, e estamos na mesma tesitura.

**SR.LORES, PSOE.-** Si se había marchado, dices.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Rafa, non confunda ó público que vostedes son moi hábiles para confundir á xente, non confundamos ós veciños e ás veciñas: se abstúveron na votación; é dicir, que aquí, os responsables locais dicen unha cousa e en Madrid dicen outra; aquí en Galiza se dí que o AVE para o 2012, e en Madrid non se sabe si vai haber AVE ou vai haber polo. Polo tanto pedimos un pouquiño de coherencia, nada máis, moitas grazas.

**SR.ALCALDE.-** Estou asombrado, Sr.Fernández, isto de que os grupos da oposición discutan entre eles xa era o máis complicado.

**SR.LORES, PSOE.-** Primeiro saber si se acepta a nosa proposta de quitar este parágrafo.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**SR.ALCALDE.-** Parece que non.

**SR.LORES, PSOE.-** Entón decir que non vamos apoiar este texto; decirlle tamén ó Sr.Fernández que non teña medo que o Goberno de España non vai a aplicar esta normativa aínda que a aprobe o grupo popular europeo e os Gobernos populares de Europa; o Goberno de España, por suposto, sempre estará na defensa dos traballadores, iso é algo que nós non temos que xustificar porque a traxectoria do PSOE sempre foi en defensa das políticas sociais en todos os estados, polo tanto este texto non o vamos apoiar, por suposto; seguimos mantendo o discurso de que estamos en contra desta normativa. Decirlle tamén ó Sr.Fernández que cando aquí aprobamos a ampliación do horario de apertura dos comercios non se está aprobando a prolongación da xornada, son cousas distintas, fixemos constar nese Pleno que aínda que os comercios estén abertos 24 horas os traballadores teñen que axustarse, e deben axustarse, ó horario laboral legal; polo tanto, é un problema do empresario si quer abrir 24 horas seguidas; o único que ten é que cumprir as normativas laborais, polo tanto todos os traballadores deben ter os seus turnos e deben ter aqueles plus que lles correspondan cando teñen que traballar por nocturnidade, cando teñen que traballar por festivos, ou cando teñen que traballar por peligrosidade; esas cousa nunca, nunca, se porán en duda neste Pleno, por suposto creo que por ningún dos grupos da Corporación, e tampouco por suposto no Partido Socialista, que non temos que xustificar en ningún momento o noso apoio ós traballadores, dende sempre, e ás políticas sociais dende sempre; o único que non admitimos son este tipo de triquichuelas que ao BNG lle gusta moito pólas e que o PP e CMÑ pois: “a donde van, que me apunto”, e punto, “hoxe vale todo, mañán vale a metade, pero bueno, estamos ahí”, pois nós non, nós as cousas claras: nós simplemente as cousas claras, o discurso noso é totalmente contrario a esta directiva, simplemente que non vamos aprobar esta Moción presentada por estes 3 grupos que nunca sabemos si están xuntos, separados, ou polo medio. Moitas grazas.

**SR.ALCALDE.-** Sr.Fernández, é vostede maligno, está incluso vostede desorientando ó PSOE.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Alcalde, non sei si o que causa gracia é a discrepancia ou é que se acaba de dar conta de que enfrente teñe a 2 grupos totalmente distintos aínda que coincidan a veces no fondo e nas formas, pois un grupo é o PSOE, e outro é o BNG, que é outra historia totalmente distinta; para nós está por encima de todo Galiza, despois Galiza, e máis tarde Galiza, por encima de todo. Compañeiro Rafa, soamente faltaría que o PSOE, co nome que ten, e a traxectoria que tivo (non a que ten, a que tivo), fora a plantexarse un aumento da xornada laboral porque evidentemente ía durar menos que un caramelo na porta dunha escola; pero eu sigo criticando ós compañeiros da Corporación e lles digo que o movemento se demostra andando, aquí e fora de aquí, e vostedes aprobaron aquela Moción do horario que evidentemente era unha franxa horaria que se aprobaba dende as 8 da mañán ata as 8 da mañán; e é certo que é unha decisión que teñen que adoptar entre o traballador e o empresario, que horario vai a exercer, e cómo, pero tamén é certo (e todos somos traballadores) que a ver quen é o guapo que cun contrato de 3 meses lle dí que non ó empresario polo horario imposto, porque tamén duraría ben pouco no traballo, e todos os que estamos aquí vivimos neste Concello e podemos comprobar, e o sabemos, outra cousa é que pechen os ollos máis de ún, de que neste Concello se vai polos negocios e se vai ás 10 da mañán e está unha persoa, e ás 2 da tarde segue a mesma persoa, e ás 4 da tarde segue a mesma, ás 8 a mesma, ás 10 a mesma, sábados e festivos, e iso é así de claro, e non digo que sexan todos os empresarios iguais, pero sí a inmensa maioría; bueno, pois agora en vez de ás 10, van a estar dende as 8 da mañán ata as 2 da mañán, e senón ó tempo; todo isto si o consinte a Consellería de Industria e Comercio, que espero que non o faga; pero repito que esa moción se aprobou aquí cos únicos votos en contra do BNG, os únicos votos en contra, e iso os veciños teñen que sabélo. Polo tanto pedimos coherencia, e pedimos coherencia aquí, en Madrid, e en Europa, en todos lados. Nada máis.

**SR.ALCALDE.-** Despois de escoitar ó Sr.Fernández estou temblando, entendo que a petición do Concello de Baiona sobre o horario comercial xa vai a ser denegada. O que hai que decir e explicar, e creo que o Sr.Lores o resumíu bastante ben, pero remarcar, é que o que se aprobou aquí é que Baiona é un sitio diferente que ten unhas condicións de traballo diferentes onde a actividade se concentra fundamentalmente nuns meses



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

determinados, e creo que para os empresarios e para os traballadores é bó ter esa flexibilidade, evidentemente cumprindo todas as normas; o que pasa é que cando me fala o portavoz do BNG do control que fai sobre as persoas que traballan no comercio en Baiona empezo a dudar si traballa o concelleiro do BNG porque a todas horas está vendo nos comercios de Baiona quen está e quen non está, a duda miña é isa, terei que falar con FENOSA.

O tema é claro, o problema ven polo tema das guardas dos médicos, ven de ahí; non afecta a outro tipo de persoal; ahí é onde está o grave problema, e dende fai moitos anos. Pero dígolle que non fai falta xirar, nin en Valencia nin en ningún lado, simplemente se trata de ter sentido común e saber o que se está aplicando en cada momento; penso que non temos que perder máis tempo en discutir cando estamos na mesma Moción, e tamén quero dicir que na Comisión Informativa tamén foi presentada ó PSOE por si se quería sumar a éla, estamos abertos a todos e a petición que fixemos foi en ese orde.

-----  
**Se procede polo Sr.Alcalde á votación da enmenda presentada polo PSOE solicitando a exclusión do parágrafo que dí: “Claro que tamén debemos destacar o apoio decidido do PSOE a esta modificación, co significativo abandono no transcurso da reunión onde se acordou do ministro español de Traballo, e a abstención na votación da delegación do Goberno Español, que resulta aínda máis grave”, resultando: votos a favor, 5, PSOE; votos en contra: 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2, BNG); polo cal rexeitase a enmenda presentada polo PSOE.**

-----  
**Se somete a votación polo Sr.Alcalde a aprobación da Moción, resultando: votos a favor: 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2, BNG); votos en contra, 5, PSOE; polo cal fica aprobada.**

-----  
**E polo cal o Pleno, por maioría, acorda:**

**1.- Rexeitar a proposta de modificación da directiva sobre Tempo de Traballo realizada, o pasado 9 de xuño, pola maioría cualificada de ministros e ministras de Traballo da Unión Europea.**

**2.- Trasladar este acordo á Presidencia do Goberno do Estado, á Presidencia do Parlamento Europeo e a todos os Grupos Parlamentares que conforman a Cámara Europea.**

**3. Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno Central demandándolle que manteña en todas as reunións oficiais que se celebren sobre esta problemática unha posición claramente contraria a modificación desta Directiva.**

**8.-APROBACION, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE INFORME O PLAN DIRECTOR DE INSTALACIONES NAUTICO RECREATIVAS REMITIDO POLA CONSELLERIA DE POLITICA TERRITORIAL, OBRAS PUBLICAS E TRANSPORTES.**

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra.Simons, PP, quen procede á lectura da seguinte:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

### PROPOSTA DA ALCALDÍA

*Resultando que en data 19/05/2008, núm rexistro entrada 3368 a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes remitiu o Concello de Baiona copia do Plan Director de Instalacións Náutico Deportivas de Galicia e Informe de Sustentabilidade Ambiental ó obxecto de que o Concello examine o documento e, no seu caso, presente alegacións.*

*O Plan Director de Instalacións Náutico Deportivas de Galicia ten por obxecto determinar as directrices do futuro desenvolvemento das instalacións náuticas. No tocante a Baiona, reflectida no plan, como Zona 1, ría de vigo y zona sur, numero 106, se contempla que na actualidade existen 632 prazas de amarre e baseándose na oferta e demanda se prevé o incremento de ata 230 prazas de amarre no ano 2010 e 760 para o ano 2020, de forma que se contempla que como estado futuro, Baiona dispondrá de 1622 prazas de amarre, é dicir, máis do dobre do numero de prazas existentes.*

*Asemade o Plan Director proposto prevé como actuacións específicas a ampliación das instalacións de atraque para embarcacións menores, remodelación do Monte Real Club de Yates e ampliación do porto deportivo de Baiona, entendendoo como reorganización a corto prazo o primeiro e a largo prazo o resto. Documentalmente o plano C-6.1 plasma gráficamente as zonas de actuación como ACT.1.2-zona de porto pesqueiro (340 prazas de amarre), ACT. 1.3 /zona do porto de portivo, 300 prazas) e ACT 1.4 (zona Monterreal Club de Yates, 495 prazas). No obstante mentres que a área de actuación ACT.1.2 está perfectamente delimitada, non así as restantes actuacións propostas.*

*Logo do examen da documentación e visto informe técnico, se desprende o seguinte*

- *Considerase excesiva a proposta do Plan Director de Instalacións Náutico Deportivas de Galicia tanto polo número de prazas de amarre previstas como respecto a posible ocupación da lámina de auga na bahía de Baiona.*
- *No quedan delimitadas as zonas de ampliación o que pode levar a unha ocupación excesiva do porto.*

*E por isto polo que propoño ós membros do Pleno a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.-** *Modificar o Plan Director de Instalacións Náutico Deportivas de Galicia no seguintes aspectos:*

- *Que o incremento de numero de prazas de amarre no conxunto total de bahía se incremente como máximo nun 10% respecto as prazas actualmente existentes.*
- *Que se delimiten nos planos as zonas de ampliación propostas en aras de determinar a ocupación da lámina de auga proposta na bahía de Baiona*
- *Que se inclúa no documento a prohibición expresa de fondeo libre na bahía de Baiona.*

**Segundo.-** *Remitir o presente acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.*

---

**SR.LORES, PSOE.-** *Volvemos ás andadas, outra vez; a nós cada vez sorpréndenos máis estas cousas do PP, que vai, que ven, vamos a ver o PP no Concello, o PP na Xunta de Galicia, aprobou a concesión, o recheo, e a implantación do porto deportivo en Baiona, esa foi a primeira invasión,*



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

digamos así, do mar de Baiona, por parte da iniciativa privada, iso foi feito única, e exclusivamente, polo PP, tanto no Concello como na Xunta de Galicia; polo tanto agora andamos con outras cousas.

A reserva de fondeos tamén as fixo o PP; o Plan director de Portos o que trata é de organizar o que xa está feito e aprobado, e que ademáis non sabemos como vai a resultar porque aínda temos pendente a aprobación do Plan especial do porto que está nos caixóns, está por sair, e non dá saído; eses son os antecedentes; hai agora unha actuación de Portos de Galicia que trata de ordear os portos de toda Galicia, e resulta que en Baiona se dan esas posibilidais de crecemento para unha previsión creo que de 15 anos, e onde se dí claramente (que a señora concelleira parece que non ten interés en decilo) que “o crecemento no mar vai vinculado ó crecemento en terra”, polo tanto sempre serán os instrumentos de planeamento de terra os que condicionen a evolución do mar, e iso é así e así foi explicado na xuntanza que tivemos co Presidente de Portos en Santiago, que vostede estaba; polo tanto non vale empezar a soltar cousas, iso non é así; si vostedes queren facer oposición á Xunta de Galicia, fágana, pero dígano, e non anden con medias tintas. ¿Qué vostede ademáis despois van e piden consenso ó Presidente de Portos para aprobar o Plan Especial, pero cando poden meten este tipo de pullas que o único que fan e que consiguen é romper todos os consensos?, señores, collan sentido, collan cordura, ou por un lado ou polo outro, pero si queren desenrolar Baiona con criterio, cada ún coa súa postura, pero sempre, pero sempre.

Aquí tamén fálase que o incremento do número de prazas é dun 10%, eu voules a decir unha cousa, e casi o apostaría: todas estas enmendadas van a ser aprobadas por Portos de Galicia, a ver como despois explican vostedes “que se inclúa no documento a aprobación expresa do fondeo libre”, que hai que levantar todo, todos os mariñeiros que teñen ahí os seus mortos hai que levantálos; á proposta do Pleno de Baiona: “Que se inclúa no documento a prohibición expresa de fondeo libre na bahía de Baiona”, hai que levantálo todo, explíqueno despois. Ou sexa, o que non vale é unha cousa hoxe aquí, outra mañán alí, e pasado outra distinta; expliquen as cousas ben, porque resulta que contra á Xunta vale todo, incluso os intereses da propia Baiona; e iso non é así. Isto é simplemente unha manobra de facer oposición, de saír sempre cunha agresividade absoluta, porque a ampliación do porto deportivo de RONAUTICA, o recheo, está aprobado, en calquer momento a empresa pode seguir botando escombros e continua-lo recheo, gracias ó PP, e iso xa está aprobado, é sí é certo que estaba daquela o Sr.Benigno, pero con un pacto, despois con dous, e logo foron 4, pero era un pacto de goberno no Concello de Baiona e quen gobernaba na Xunta era o PP, que era quen tiña competencias; polo tanto sexan coherentes e non xoguen con este tipo de cousas que ó final o que traen é problemas. Si queren chegar a consensos falen vostedes con Portos de Galicia e cheguemos a acordos sobre o Plan Especial, pero non fagamos este tipo de movementos que nun momento determinado non se sabe a que se está a xogar, por un lado a mandar ós técnicos para que lle manden un proxecto, que despois sexa Portos de Galicia quen o presente, para que despois o Alcalde non teña que presentálos, ¿a qué andamos?. Moitas grazas.

**SR.ALCALDE.-** Unha aclaración inicial, Sr.Lores, porque senón penso que o debate vai perder todo o sentido, cando fala vostede do fondeo libre, dende fai xa algún tempo en Portos de Galicia, por iniciativa entre outros nosa, pero había máis xente, ten un rexistro pormenorizado dos mariñeiros de Baiona que teñen fondeo, e o que se pediu dende o principio é que haxa unha zona, que estaba incluso pintada e dibuxada, ó sur de RONAUTICA, para os mariñeiros de Baiona, que teñen dereitos históricos, para que estiveran en pantaláns. O que non vamos a admitir baixo ningún concepto é que nos últimos anos calquera persoa chegue a Baiona, tira unha pedra, e fondea, e está neste momento na bahía, e dí Portos de Galicia que hai 632 amarres en Baiona; eu creo que hai bastantes máis; pero en fondeo libre, dos 300 que están rexistrados, 300 e pico mariñeiros, con dereitos históricos, agora pode haber máis de mil; esas son xentes doutros sitios que veñen a Baiona porque saben que Portos de Galicia, e Costas do Estado





EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

(porque hai unha parte de lámina de mar de Portos, e outra do Ministerio de Medio Ambiente), non toman ningunha acción; iso é o que queremos evitar: non pode haber fondeo libre; pero sí que se recoloque á xente que ten dereitos históricos, e que Portos sabe nominalmente quen son.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Non sei si haberá outro tema neste Concello que dea máis xogo político que o tema dos amarres, dos clubs náuticos, e toda esta trapallada que temos na bahía; é certo o que dí o Sr.Lores de que o PP parece que está coa intención de acoso e derribo á Xunta a través de todos os Concellos de Galiza con distintas mocións; é certo tamén que a bahía de Baiona está así porque o aprobou o PP; non é certo que RONAUTICA fora a primeira, o primeiro foi o Club Náutico, en todo caso daquela non gobernaba o PP pero gobernaba Franco e casi era o mesmo; polo tanto, ún detrás de outro, foron arruinando pouco a pouco a bahía. En todo caso eu estiven tamén nas xuntanzas de Portos de Galiza, como estiveron vostedes, e alí se dixeron en diferentes ocasións verdadeiras barbaridades, polos que estaban, e polos que están, pero os que están polo menos agora nos escoitan e en último caso nos poñen a pelota enriba do noso tellado, e o Presidente de Portos foi moi claro: que na bahía de Baiona collían, según eles, 1000 amarres de iates máis; pero para facer eses mil amarres hai que dar infraestrutura terrestre, e ¿quén ten esa competencia?, o Concello, é decir, que quen ten a última palabra para dar máis amarres nesa bahía é o Concello de Baiona, así no lo dixeron.

Tamén lle escoitei ó anterior Presidente de Portos, do PP, decir que os fondeos libres no Concello de Baiona que había que eliminálos todos, porque a bahía de Baiona era unha bahía que estaba abrigada pola doca, que había sido unha obra que había feito o Estado, e que os barcos que utilizaran ese abrigo tiñan que pagar un amarre; pois nós non estamos de acordo, nós non estamos de acordo con ese afán recaudador que a veces teñen as Administracións Públicas, iso vostede tamén o escoitou Sr.Vilar: que o que se amarrara ó abrigo da doca tiña que pagar un cánon.

Resulta que nos meten un porto deportivo e nos dicen que hai que eliminar todos os amarres libres que hai na bahía, e aparecen os da séptima lista decindo que eles non teñen capacidade económica (lóxicamente) para estar amarrados nun porto deportivo que costa moito diñeiro, e se fan, ó carón dos mariñeiros, amarres para a séptima lista; ben, pois agora vamos ós amarres da séptima lista e resulta que hai señores de Redondela, de Vigo, de Coruxo, de Saians, de todos os lados, pero resulta que os de Baiona seguen amarrando nos mortos que tiñan anteriormente, isto é un auténtico caos, isto non hai quen o entenda. ¿Quen o fixo?, uns e outros, Alcalde.

**SR.ALCALDE.-** A concesión dos últimos ¿quén o fixo?.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Uns e outros, Alcalde; uns, mal; e os outros, tamén mal. Nesta Sala se aprobaron moitas mocións en prol dos portos deportivos, e nós xa dixemos, mil e unha veces “basta xa de máis amarres de embarcacións deportivas”, agora temos as consecuencias e si revisan vostedes as actas poderán leer que eu dixen que os portos deportivos nos ían a arruinar as praias, e ahí teñen o exemplo, as praias estaban sen area dourada (non como ésta), e agora está esa area ciscada por toda a bahía, ¿porque?, porque nesta sala se aprobou recheos e máis recheos; e nós advertimos daquela que calquer variación que se fixera na bahía ía a repercutir negativamente nas praias, ahí teñen a mostra; pero iso o dixemos non porque nós fomos adiviños senón porque estaba pasando noutras bahías, moi perto de aquí estaba sucedindo iso, e non lles importou; pois miren, os empresarios que, por certo, o seu Presidente está moi caladiño e non protesta polo agravio que se está cometendo nas praias agora mesmo, non están os empresarios protestando, están os seus clientes na rúa porque non poden ir á praia; pero o representante dos empresarios non dá a cara, a ver onde se meteu. Nós advertimos de que isto ía



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

sucedor, e os clientes deses empresarios estaban na rúa protestando polo que se está facendo: os clientes deses empresarios; e máis de ún puido escoitar, pola radio ou pola televisión, que facía 25 anos que viñan aquí e que non volvían; esa é a política deste goberno local, e esa é a política de que os amarres traen diñeiro e as praias non, pois é todo o contrario.

**SR.ALCALDE.-**¿Onde estaba vostede o ano pasado na manifestación?, ¿onde estaba vostede?.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Alcalde, que a nós nos parece ben que se trate de rectificar, ou que enmenden, o Plan Director, que por certo creo que é a primeira vez que vai haber un Plan Director de Portos, polo tanto, benvido sexa; o que hai é que axustálo na súa medida a cada lugar.

As enmendas que presentamos son, en canto ó 1º punto da proposta: *“Que o incremento de numero de prazas de amarre no conxunto total de bahía se incremente como máximo nun 10% respecto as prazas actualmente existentes”*, nós creemos que se debe de engadir *“para uso exclusivo pesqueiro”*. Respecto ó 2º punto: *“Que se delimiten nos planos as zonas de ampliación propostas en aras de determinar a ocupación da lámina de auga proposta na bahía de Baiona”*, de acordo, tal cal está escrito. O 3º punto: *“Que se inclúa no documento a prohibición expresa de fondeo libre na bahía de Baiona”*, se entende que se elimine, pero que siga habendo un control como houbo toda a vida, que había unha persoa que era o responsable de facer e de outorgar eses fondeos. Se nos aceptan as enmendas nós aprobaremos a Moción.

**SR.ALCALDE.-**Penso que en canto á 3ª enmenda debe engadirse “respetando os dereitos históricos dos mariñeiros”.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** E cos novos ¿qué facemos?.

**SR.ALCALDE.-**¿Qué novos mariñeiros vai haber en Baiona con fondeo libre?.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Pois entón eliminamos o 1º punto, que non se fagan máis amarres; son xa 700 e pico.

**SR.ALCALDE.-** Estamos falando de ata 2020, un 10%.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Pero si estamos falando de que os portos deportivos, así o temos demostrado, que causan constantemente perxuízo á bahía de Baiona, pois zanaxemos o tema dunha vez por todas, non máis amarres deportivos en Baiona.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Aquí dá a impresión de que están a ver quen berra máis, o Sr.Lores, que hoxe sacou un xenio descoñecido nel, como si fora moi criticado, moi inspeccionado, polos comisarios políticos do seu grupo, e iso é terrible, iso é pórse nunha mala situación como portavoz porque lle saca lucimento nos seus plantexamentos, e iso é o peor que lle pode pasar a un político cando ten un comisario por detrás que lle está azuzando e lle leva a adoptar actitudes incoherentes, porque logo falaremos das praias, non se preocupe. Agora vamos a centrarnos neste punto que é o punto sobre os fondeos, e lle vou a dar a miña opinión e consideramos que esta moción que presenta o grupo de goberno é oportuna porque se trata de contestar a unhas alegacións que están publicadas no DOGA.

E certo que nós temos unhas relacións, a raíz de toda a situación de conflito que houbo con Portos de Galicia, de todos coñecida, como foi o tema da lámina de mar, incluso coa presentación



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

que fixo o Presidente de Portos en Vigo (en contra da vontade deste Pleno) de adxudicación desa lámina de mar, en Vigo, non a fixo aquí en Baiona, acompañado da señora Delegada de Política Territorial, ex-concelleira de aquí; e despois de todas esas situacións de tensións se retomou un diálogo con Portos de Galicia que creemos que se debe mantér para ben de todos, e en absoluto a presentación destas alegacións debe enturbiar esa actitude de diálogo que creemos que ó final é positiva.

En canto ó que se fixo na exposición do Plan redactor, eu acudín en representación do Concello de Baiona a Santiago, penso que foi moi ben e creo que o Presidente de Portos tiña a cousa moi clara, que o crecemento que se poidera facer no mar estaba ligado ó posible desenrolo que se fixera en terra, iso llo podemos entender; pero non quita de que nós teñamos que presentar por escrito alegacións ó Plan Director de Portos; e consideramos que efectivamente Baiona ten que crecer, ou que pode crecer, porque de feito si se compara a bahía de Baiona con todo o que é a lámina de mar do litoral galego, a bahía de Baiona reúne unhas condicións infinitamente superiores a calquer outra zona de Galicia para crecer 5, 6, ou 7 veces máis do que temos na bahía, pero lóxicamente as instalacións que hai en terra imposibilitan ese crecemento. Coincidimos que máis do 10% de crecemento non se debe facer, ¿que ese crecemento se ligue ó porto pesqueiro?, me parece correcto, me parece correcto que dalgún xeito premiemos á flota pesqueira, pero tamén é certo que aquí o fondeo libre segue sendo a gran asignatura pendente que ten a bahía de Baiona: por moitos pantaláns que se creen senón se toman medidas nestes intres en absoluto se resolve o tema do fondeo libre; e a Dirección de Portos cometeu unha grave irresponsabilidade e que se fixeron pantaláns no porto pesqueiro para traer a flota de Bouzas, de Canido, de Coruxo, de Redondela, de Tui, de Ourense, a maioría da xente que está utilizando os pantaláns do porto non son mariñeiros, non se resolveu realmente o problema, e a filosofía que nós sempre tivemos aquí era que si se amplaban os pantaláns do porto pesqueiro terían que ir ligados a mariñeiros ou persoas da séptima lista que anteriormente estiveron ligados ó mar. E eu coincido co que dí Xosé Enrique, de que aquí hai unha asociación, a séptima lista, e que por ahí se colou todo o mundo que non era de Baiona, decían “aquí vamos a dar cursos de pesca” e resulta que era todo para xente de fora, iso foi un erro total, e nos sempre o denunciámos aquí publicamente, que aquí, en Baiona, si alguén se ten que beneficiar de prazas de atraque é a xente que foi no seu día profesional do mar e que logo quer ter o seu barco, e a esas son ás persoas que hai que darlle facilidais, pero claro, é que a situación de Baiona é caótica, calquer pode vir e pode ter un pantalán no mar, ou na praia, nós acabamos de descubrir, e de feito, por Decreto, vamos a desmontar o punto-pasión da praia Ladeira porque iso era outro clube náutico encuberto, totalmente encuberto, había xente que pagaba por ter o barco estacionado na praia, e iso non é así, nin na praia nin no mar; outra cousa é que exista un clube na praia para ensinar vela a través de monitores, pero nunca para ocupar prazas persoas que son alleas ó Concello; isto pasaba na praia e pasaba no mar, e iso é o que hai que evitar, eliminar o fondeo libre con esta filosofía. Polo tanto creemos que estas alegacións son lóxicas.

Creo que cometemos un erro cando nos tiramos a pelota cando eu entendo, polo menos o noso grupo así o entende, que nos últimos anos avanzouse bastante na unidade de todos os grupos políticos na relación con Portos de Galicia, por tanto entendo que esta proposta da Alcaldía non é para enfrentarnos con Portos, senón que é porque estamos obrigados a contestar a unhas alegacións que se publicaron no DOGA.

E por certo, hai que ser moi esixentes, Baiona non admite máis embarcacións para ubicar na sua lámina que non estén reguladas dunha autorización previa; o maior problema que ten Baiona é que calquer chega a esta bahía e fondea libremente, ahí lle queda ese fondeo e logo reclama dereitos, iso non pode ser, esa xente terá que coller o seu barco e marcharse de aquí; aquí hai que regular o



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

que hai que regular, e precisamente os pantaláns dos portos teñen que ter unha parte importante para dar cobixo a embarcacións que veñen de fora, e suministrarlle auga, luz, para que poidan facer seus viveres, e ese é o obxectivo dos portos de Baiona; e nós podemos ter dous portos deportivos e en absoluto temos que estar enfrentados a eles, eses portos teñen que ser un complemento de actividade en Baiona; eu fun hoxe ó Clube de iates a revisar un tema da finalización das obras da praia Barbeira e mirei barcos de mariñeiros de Baiona que se estaban reparando no Monte Real Clube de lates, esa convivencia é a que temos nós que potenciar, iso é bó; polo tanto non miremos ós portos deportivos, nin ó MRCl como un enemigo; aquí se está cometendo ese erro; creo que todos temos que ter as ideas claras, ir da máan, defender os intereses de Baiona ante as persoas que non son de aquí e que intentan coller unha parte da lámina de mar de maneira gratuita; iso é o que nós temos que combatir, e iso se combate dende a unidade, de ir da máan de Portos de Galicia, pero por suposto planteándolle propostas como ésta que creo que é unha proposta razoable e que debería ser unha proposta para aprobar por unanimidade, iso nos daría a forza suficiente, e por suposto, para mantér o diálogo que temos que mantér con Portos de Galicia; de nada vale estar enfrentados a Portos de Galicia para resolver un problema tan grave como é a ocupación indiscriminada da lámina de mar de Baiona, o crecemento anormal que se está facendo da lámina da mar, e sobre todo, a súa ocupación.

Polo tanto nós avogamos que se aprobe por unanimidade este tema, que non se vexa aquí ningún enfrentamento con Portos de Galicia, e seguir mantendo o diálogo para que que todos os proxectos que temos pendentes como son o Plan Especial do Porto que vai a regular a situación anómala en que se atopa RONAUTICA coas instalacións en terra, que a doca se convirta nunha zona peatonal lúdica e complemento medioambiental da zona de Monte Boi, que se regule a ampliación, posible, de RONAUTICA, do Monte Real, ou do porto pesqueiro, sexan sempre con consenso por parte de todos; creo que ese é o camiño, temos que escapar de enfrentamentos que o único que fan é evitar que Baiona crezca de maneira racional. Nós estamos a favor deste tema como non pode ser doutro xeito.

**SRA.SIMONS, PP.-** En el Plan Director preveen una posible ampliación, en el plazo de 2 años, de 230 plazas; o sea, un 30% de las existentes en la actualidad; con este Plan la Consellería de Política Territorial estima que en la ría de Vigo y zona sur existirán 8.856 plazas de las cuales 1.622 estarán en Baiona, y estamos hablando de 23 zonas de instalaciones distintas, en la que la siguiente sería el Club Náutico de Vigo con 1.147; y a Panxón, por exemplo, le darían 40.

Por dar algún dato más, comparando Baiona con Sanxenxo, Baiona tiene 13.000 hectáreas y Sanxenxo 18.000; en verano en Baiona llegamos a 45.000, y Sanxenxo a 110.000; y en la actualidad contamos con 632 amarres, y Sanxenxo 370; si se aprueba este Plan Director las instalaciones náutico-deportivas de Sanxenxo solamente tendrían, dentro de 12 años, 565 amarres, y nosotros 1.622; creo que esto nos hipotecaría un poco.

Además, en los planos que presentan, el único plano en que se pone un aviso es en el de Baiona, donde dice literalmente: "Este é un diseño preliminar. A actuación prevista será obxeto de estudios de maior detalle que poderán cambiar a sua configuración final", o que realmente queremos saber é como plantexan esa disposición final. Moitas grazas.

**SR.LORES, PSOE.-** Non se preocupe polo meu futuro Sr.Vilar, vostede debe ter experiencia porque botáronllo do Partido Popular, ¿qué foi, pola presión que lle someteron, que empezou sendo Alcalde do PP e ó final está ahí a ver si colle unha praza?, pois a ver se a consegue, nós vamos a apoiar unha moción para que o metan no PP.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Esta situación dos amarres, dos fondeos, e dos portos deportivos, eu creo que como decía o compañeiro do BNG, xa está totalmente debatida neste Pleno, todos sabemos cales son as posturas, todos sabemos, Sr.Vilar, a que intereses defendemos cada ún, polo tanto eu non teño nada a favor nin de RONAUTICA nin do Clube de lates pero tampouco teño nada en contra, por suposto. O único que decimos é que esta é simplemente unha Moción para meter ruido, un chascarrillo, á Portos de Galicia, porque estas consideracións están vinculadas, aínda que a Sra.Simons non o queira recoñecer, ó crecemento en terra, polo tanto vai a ser o Pleno de Baiona quen vai a marcar a evolución da bahía de Baiona, por isto parécenos que esta é unha moción enlatada do PP para meter algo de chascarrillo na Xunta de Galicia. Polo tanto ímonos abster, e aínda máis, vou anunciar que Portos de Galicia vai admitílas pero aínda así vámonos a abster.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sra.Concelleira, espero que nunca non cheguemos a asemellar ó que é Sanxenxo, nunca, onde o seu ex-Alcalde, o iluminado ese, está facendo agora propostas en Pontevedra, de ENCE, ou non sei que.

**SR.ALCALDE.-** Eu creo que hai que falar de Baiona, deixe ó Sr.Lores, Alcalde de Pontevedra, e ó Sr.Martín, que discutan eles alá, non discutamos os de aquí.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Evidentemente, Sr.Manolo Vilar, nós non temos nada en contra dos portos deportivos, pero a favor tampouco, e vou a explicarme unha vez máis: non temos nada a favor porque cada vez que un mariñeiro ou un veciño de Baiona se achega ó Clube de lates hai un guarda que lle dí: “senón eres socio non entras”, e eu recordo fai uns cantos anos que nos íamos a bañar ó muelle e viñan uns marinos a botarnos fora porque era do Clube de lates, cousa que era mentira, e nos amenazaban con multas; e non nos gusta que o Clube de lates verta gasoil na bahía de Baiona, o ano pasado o denunciámos, por verter varios centos de litros de gasoil na bahía, e o negan; e estamos en contra de que o Clube de lates rasque as patentes do barco e as bote ó fondo do mar, e estamos en contra de que o Clube de lates teña pantaláns con embarcacións a 20 metros da praia Barbeira (agora non sei porque como a praia creceu), por iso estamos en contra das actitudes dos señores do Clube de lates, e con RONAUTICA exactamente igual, e se foran un pouquiño listos, cada vez que ten que varar un mariñeiro nalgunha embarcación, se lle deran facilidais e prezos especiais, tiñan ós mariñeiros no bolsillo, e así ténlos encontrados; e estamos en contra de que os mariñeiros teñan que andar a facer “eses” para saír do mole de Baiona e non se coman os pantaláns de abrigo que montou RONAUTICA, estamos en contra de que todo iso; este ano o Clube de lates perdeu a bandeira azul, non me extranaría que tivera algo que ver as denuncias do BNG, non nos alegamos de que haxa perdido a bandeira azul, do que sí nos alegamos é de que lle tiren das orellas para que espabilen e tomen as medidas oportunas para que non se teña que pechar a praia da Ribeira en pleno verán porque a un señor do Clube de lates se lle olvidou sacar o chisme do gasoil que estaba metendo nun barco; estamos en contra de iso; non estamos en contra do progreso de Baiona, ó contrario, pero para nós “máis amarres” non significa “máis progreso”, polo que nós decimos, e seguemos insistindo, que pidamos a Portos de Galiza que nomee no Plan Director a Baiona como zona saturada de embarcacións deportivas, non máis iates, xa chegan, son de máis, para nós hai de máis xa.

Nos parece moi ben que retiren o punto-pasión da praia Ladeira, os apoiamos, pero é que xa non deberon habélo posto porque foron vostedes os que o puxeron, foron vostedes; cando nós gobernabamos non estaba ahí, se puxo no seu goberno, perfectamente recordo Sr.Alcalde que se puxo no seu goberno, e non se pode, coas poucas praias que temos, cos poucos metros de areal que temos, ocupar praia; nin se lle pode consentir ó kiosco da Ribeira que ocupe semellante



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

extensión con hamacas e pedaletas, non se pode consentir porque a praia non chega para todos os baioneses e baionesas; estes días, a primeiros de xullo, non había máis que un 20% de toda a praia para uso e disfrute dos veciños, porque o resto, entre a montaña de area e as pedaletas e as hamacas destes señores ocupaban toda a praia; e hai xente que ven aquí pola praia, non para ver as embarcacións deportivas; hai xente que ven á praia, e os veciños queren praia, polo tanto coiden as praias dun raio dunha vez e deixense de historias.

Para rematar, unha manifestación que escoitei na radio ou na televisión, que se convocou o outro día aquí en Baiona, Sr.Alcalde, estaba vostede moi equivocado, non houbo manipulación de ningún tipo, llo podo asegurar, eu recibín unha mensaxe no teléfono e non sabía de onde viña, de verdade que non sabía quen organizaba isto, e lle vou a decir unha cousa: polo que poden ver foi xente normal e corrente de Baiona, xente nova, con sangue nas venas, que non lles gusta que se rían deles; non foi manipulada; e deixa que eu governe a miña casa, Manolo, ti goberna a tua.

Polo tanto non creo que sexa un enfrentamento a Portos pedir que este Concello sexa unha zona saturada de embarcacións deportivas, e creemos que xa, dunha vez por todas, é convinte que toda a Corporación se poña de acordo e que potenciemos dunha vez por todas ós mariñeiros, e que cada día que teñan que sair a traballar que non teñan que dar curvas para poder chegar ó seu destino co conseguente perigo de embestir outra embarcación ou outro pantalán; os están arrinconando, e iso sí que é unha aposta de futuro e unha aposta estratéxica por parte deste Concello: o futuro dos mariñeiros de Baiona.

Nós, xa que evidentemente, debido ó encabezamento da enmenda non ten moita lóxica, retiramos esa enmenda e pedimos que se inclúa “zona saturada de embarcacións deportivas o Concello de Baiona”, nada máis, grazas.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Penso que o señor Xosé Enrique se está radicalizando con esas propostas, outra cousa é aceptarlle a que presentou ó principio que era a máis razoable.

Con relación a este tema, nós o apoiamos tal e como está, non obstante a Alcaldía pode adoptar a opción que considere oportuna que nós lle vamos a apoiar.

**SR.ALCALDE.-** Remato cunhas puntualizacións, me encanta que o BNG cambie de actitude con respecto ó turismo, e incluso con aquelas pintadas que apareceran fai un par de semanas, é bó que o BNG diga que o turismo é bó para Galicia.

Quero decir ante todo que nos últimos tempos temos unha boa relación co Presidente actual de Portos, quero decílo aquí, penso que houbo un cambio de actitude pola súa parte e creo que está nunha actitude colaboradora e o Concello de Baiona vai seguir nesa liña; o que pasa, é se comentaba antes, é que nos dan un prazo de 60 días para contestar ás alegacións que poidera haber a este documento; o documento está estudiado en profundidade por todos nós, polos técnicos municipais, e entendemos que non poidemos pasar de 600 a 1.600 prazas porque, aínda que se repita aquí, que quen o aprobaría é o Pleno, sabemos que non é así; e sí houbo unha manifestación moi popular en número, na que estaban todos os sectores sociais de Baiona, que estabamos en contra da zona de amarres que se ía facer na Barbeira, e naquel momento houbo xente que non estivo defendendo a Barbeira, que entendíamos que sí corría perigo, e o Concello de Baiona dixo que non quería eses amarres e Portos de Galicia seguiu adiante, e por iso que creo importantísimo que este documento chegue para que se sepa que pensa o Concello de Baiona, logo Portos de Galicia poderá decidir si está de acordo, como dí o Sr.Lores, e lle agradezco xa a confianza de que nos van aceptar as enmendas que mandemos, iso é bó, nós queremos que as acepten, pero hai que decílo, hai que decílo e non podemos calar; o colmo sería non calar e decir



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

“está moi ben o documento de Portos”, pero xa naquela reunión llo dixemos ó Sr.Jacinto Parga: “non estamos de acordo”, e como non estamos de acordo, temos que decílo.

Creo que non é bó tampouco radicalizarnos e decir: “non pode crecer”; estamos falando dun crecemento mínimo cunha reordenación da lámina de mar, hai moita lámina de mar ocupada neste momento que posiblemente, si se organiza, deixaría moito máis espazo para o disfrute de todos nós.

Entendemos que dar un porcentaxe baixo como é un 10%, adecuadamente, é asimilable para ó Concello de Baiona, pola lámina de auga da bahía de Baiona; pensamos que este non é un informe de rexeitamento senón que é un informe claramente entendible, que pode haber un crecemento sostible que non altere en demasía o que son as condicións naturais de Baiona.

Sobre a parte final, que creo que o BNG rexeita, que di: “*Que se inclúa no documento a prohibición expresa de fondeo libre na bahía de Baiona*”, como decíamos ó principio o espírito non é rexeitar á xente mariñeira que ten dereitos históricos, e creo que poderíamos engadir: “respetando os dereitos históricos dos mariñeiros de Baiona”, co cal queda claro que o que queremos decir dende aquí é que non queremos que veña máis xente de fora de Baiona (non con embarcacións mariñeiras que desgraciadamente non está crescendo o sector mariñeiro) con lanchas de recreo que foron rexeitados doutros portos e veñen aquí sen pagar un duro, pero sobre todo ocupando unha lámina de mar importante, non queremos que se veñan para Baiona “porque aquí vale todo”; iso no o queremos, non podemos permitir o fondeo libre; pero sí estamos de acordo, e así o vamos a propór, engadir: “Respetando os dereitos históricos dos mariñeiros de Baiona”, e que, como dixen ó principio, está plenamente documentado quens teñen ese dereito histórico posto que había un rexistro onde aparecía toda esta xente, e como decíamos, o que se propoñía eran uns amarres sociais que, lóxicamente con menos instalacións das que ten un porto deportivo normal, pero con un coste mínimo para que todo o mundo poida achegarse a él.

A proposta sería deixar os 2 puntos exactamente como están, porque entendemos que un 10% non é agresivo, simplemente é posibilitar un mínimo crecemento; e engadir no punto 3º: “*Que se inclúa no documento a prohibición expresa de fondeo libre na bahía de Baiona, respetando os dereitos históricos dos mariñeiros de Baiona*”.

**SR.LORES, PSOE.-** Simplemente comentar que o Sr.Alcalde xa o sabe, Manolo Vilar tamén, e todos os portavoces sabemos, que hai reservada, ó sur de RONAUTICA, unha lámina xustamente para ese posible crecemento social, iso xa está contemplado e aprobado; polo tanto darlle voltas a isto non ten moito sentido. Nós vamos a abstermos.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** E unha pena que se rompa o consenso neste tema porque sempre que logramos o consenso sacamos as cousas adiante, creemos que non debe haber máis embarcacións deportivas en Baiona, e todo o medre que poida surxir a partir de agora debe ser para os mariñeiros.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Compartimos a idea do 10% porque é lóxico que haxa un crecemento razoable, suxeto máis que nada á reordenación, non a outra cousa. Nos parece lóxico e vamos apoiar a Moción.

**SR.ALCALDE.-** Si o BNG e o PSOE queren facer algunha alternativa á contestación que o Concello de Baiona ten que facer a Portos, que o fagan; entendemos que a non contestación a Portos é como decir que estamos de acordo en que se pase de 600 a 1.600 amarres. Digo que os amarres no praia Barbeira non foron aceptados polo Concello de Baiona, e se fixeron igual.

-----  
**Se procede polo Sr.Alcalde á votación da enmenda presentada polo BNG solicitando a inclusión da expresión: “declarar zona saturada de embarcacións deportivas ó Concello**



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

de Baiona”, resultando: votos a favor, 2,BNG; votos en contra: 9 (8,PP, 1,CMÑ); producíndose 5 abstencións, PSOE; polo cal rexeitase a enmenda presentada polo BNG.

-----

Se somete a votación polo Sr.Alcalde a aprobación da Moción, incluíndo no punto 3º: “*respetando os dereitos históricos dos mariñeiros de Baiona*”; resultando: votos a favor: 9 (8,PP, 1,CMÑ), producíndose 7 abstencións: 5, PSOE, 2, BNG; polo cal fica aprobada.

-----

E polo cal o Pleno, por maioría, acorda APROBAR:

**Primeiro.-** Modificar o Plan Director de Instalacións Náutico Deportivas de Galicia no seguintes aspectos:

- Que o incremento de numero de prazas de amarre no conxunto total de bahía se incremente como máximo nun 10% respecto as prazas actualmente existentes.
- Que se delimiten nos planos as zonas de ampliación propostas en aras de determinar a ocupación da lámina de auga proposta na bahía de Baiona
- Que se inclúa no documento a prohibición expresa de fondeo libre na bahía de Baiona, *respetando os dereitos históricos dos mariñeiros de Baiona..*

**Segundo.-** Remitir o presente acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

**9.-MOCIONS.**

**9.1.-MOCION DE URXENCIA DO PSOE.- REXENERACION PRAIAS RIBEIRA E BARBEIRA.**

**MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DE BAIONA**

Ante as manifestacións por parte do Alcalde de Baiona na prensa do día 10 de xullo de 2008 nas que novamente se declara incompetente no referente ós verquidos de area nos arenais de baiona, a pesar de que no bando municipal do 18 de xuño de 2008 se dicía: “*que con motivo dos traballos de rexeneración da praia da Ribeira promovido polo Concello de Baiona e o Ministerio de Medio Ambiente...*”

Ante a situación na que a actuación municipal deixou os nosos arenais.

Ante unha actuación desmedida nas praias na que se emprega area do río Miño, a cal é completamente diferente da existente en nosos areais.

Ante a improvisación na actuación do goberno que impide o disfrute dos areais en temporada turística nun amplo período de tempo.

Ante a nefasta imaxe que do Municipio se está dando no exterior.

Ante a incompetencia do Alcalde para defender os intereses dos veciños e velar pola conservación do noso patrimonio natural.





EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

**Ante unha xestión municipal que da lugar á perda de dúas bandeiras azuis nas praias da Ladeira e Santa Marta e finalmente, á retirada da conseguida na praia da Ribeira.**

**O Grupo Municipal Socialista propón ós membros do Pleno a adopción do seguinte acordo:**

**- Convocar un Pleno extraordinario, antes de fin de mes, onde se traten os seguintes puntos:**

**1º.- Explicación e debate das medidas que se tomaron para a rexeneración dos areas da Ribeira e da Barbeira.**

**2º.- Depuración de responsabilidades do Alcalde, Concelleiro de Medio Ambiente e doutras Administracións implicadas en dita rexeneración.**

-----  
**Sometida a Urgencia da Moción a votación polo Sr.Alcalde, resultan: votos a favor, 7 (5,PSOE, 2,BNG); producíndose 9 abstencións (8,PP, 1,CMÑ); polo cal o Sr.Alcalde indica que non hai número suficiente para declarar a Urgencia.**

-----  
**SR.ALCALDE.-** Si queren, vostedes dispoñen da normativa legal para convocar un Pleno extraordinario. Acabou o punto.

**SR.LORES, PSOE.-** Xa vemos cal é o seu espírito democrático para facer as cousas.

## **9.2.-MOCION DE URXENCIA DO PSOE.- SUSPENSION PREVENTIVA LICENZAS.**

### **MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DE BAIONA**

**Para evitar os problemas que está a crear ós veciños, asociacións e empresarios do ramo da construción, o acordo de supresión preventiva de licenzas urbanísticas.**

**O Grupo Municipal Socialista propón ós membros do Pleno a adopción do seguinte acordo:**

**- Que se levante a supresión preventiva de licenzas urbanísticas aprobada no Pleno do 20 de decembro de 2007.**

-----  
**SR.LORES, PSOE.-** Esta é a Urgencia, non é motivo, porque entendemos que non se pode facer unha moción específica, pero sí pedimos que se levante a todos esta suspensión cautelar. Postos en comunicación co Presidente da Comunidade de Montes díxonos que era moi difícil que lle concederan esa prorroga que o Sr.Alcalde decía o outro día.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**SR.ALCALDE.-** Sr.Lores, teño que decirlle que o que vostede propón é unha barbaridade, non pode nin chegar a discutirse isto sen informes técnicos; e vostede sabe perfectamente que na Comisión Informativa a señora Secretaria quedou en darlles un informe xurídico sobre o que decían; de palabra o comentou, pero eu dixen que mellor que houbera un informe xurídico sobre ese tema. E unha barbaridade absoluta propór a discusión deste tipo de moción sen ter un informe xurídico que o avale.

-----  
**Sometida a Urgencia da Moción a votación polo Sr.Alcalde, resultan: votos a favor, 7 (5,PSOE, 2,BNG); votos en contra, 9 (8,PPM, 1,CMÑ); polo cal rexeitase a urgencia.**

### **10.-ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **ROGOS DO PSOE.- SR.LORES.**

1º.- O ROGO é que na rotonda ata Morade se poña algún tipo de limitación de velocidade; a velocidade polos usuarios nese lugar é moi alta, que se poña algún tipo de sinalización.

2º.- Outro ROGO é que se proceda a pintar un paso de cebra na urbanización Puente Romano, hai unha gran demanda para elo.

3º.- En canto á praia Ladeira, ó final conseguíuse que se perdera a bandeira azul polo abandono total no que se atopan os nosos arenais, polo tanto nós ROGAMOSLLE que se adiquen a limpar a praia, a recoller as algas; a recollélas, non a enterrálas.

Que o escalón que hai na area que se desfaga, que a praia quede para poder usála e non haxa perigo para os usuarios.

Que haxa unha reubicación das barcas da caseta. O Sr.Manolo Vilar falou do desmonte, ben, o desmontaron, o puxeron no medio, o volveron a pór noutro lado, andan dun lado para outro coas barcas, cos catamaráns, e onde están agora ubicados (non sei si con permiso ou non) están ocupando un espazo que é o que máis utiliza o maior número de usuarios da praia, polo tanto ROGAMOS que o deixen onde estaban, que non se ubique ahí; e senón, que o retiren.

Que se faga un saneamento e coidado da duna, que pouco a pouco aquilo se está enchendo de residuos plásticos, de reptís, de pedras, e de botes.

**SR.ALCALDE.-** Hai unha nota da Consellería de Medio Ambiente que dí que hai que facer compatible a vida salvaxe coa utilización de praias. Non é igual un bote de plástico que un reptil.

**SR.LORES.-** Iso o sei, non me interrumpa; hai un abandono total da praia Ladeira, un abandono total da duna, que é un espazo a recuperar.

#### **ROGOS DO BNG.- SR.FERNANDEZ.-**

1º.- ROGAMOS que retiren as algas das praias Ladeira e Santa Marta, e que ademáis, as limpen; non me refiro só ós arenais senón a toda esa montaña de residuos que hai na parte interior e que visten tan feo, ademáis de cheirar mal.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**2º.-** ROGAMOS limpen as beirarúas na rúa Carabela Pinta á altura do Convento. O desodorante que lle botan ós contenedores non é dabondo, Sr.Vilar; ademáis hai que limpar. E na Praza de Abastos, exactamente o mesmo.

### **PREGUNTAS DO PSOE.- SR.LORES.**

(Neste intre o Sr.Lores ensina escrito do Xulgado e procede a súa lectura).

**1º.-** Queremos preguntarlle si ten coñecemento de que no Xulgado nº 5 hai unha instrucción, que leo: "Por el Ministerio Fiscal se formula querella por supuesto delito de prevaricación contra el Alcalde y miembros de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Baiona en febrero de 2008, haciendo constar en la misma la relación de circunstancias de hechos, interesando la práctica de diligencias, y por último la solicitud de su admisión a trámite. Non sei se ten coñecemento.

**SR.ALCALDE.-** Felicitaba antes ó Sr.Fernández porque ademáis de traballar en FENOSA e ser concelleiro, é notificador xudicial; pero tamén traslado a felicitación ó Sr.Lores, non temos todavía constancia, pero espero que se nos faga a notificación porque senón non poderemos acudir.

**SR.LORES.-** Espero que teña coñecemento o Sr.Alcalde de que o día 7 ou 8 de outubro teñen o Alcalde e os membros da Xunta de Goberno que ir a declarar ó Xulgado.

**SR.ALCALDE.-** Non, pero moitas grazas. Unha consulta á Secretaria, o digo por se chegou algunha notificación á Secretaría do Concello.

**SRA.SECRETARIA.-** No chegou nada.

**SR.LORES.-** Pois é así; de todos xeitos nos gustaría estar informados de todo este procedemento.

**SR.ALCALDE.-** Igual me informa vostede a mín. Resulta curioso que despois de outubro igual teremos que falar de que haxa apoios a certos promotores que se queren enriquecer en Baiona e que o Concello de Baiona non está de acordo en iso; pode ser interesante, o veremos nalgún Pleno Extraordinario.

**SR.LORES.-** Polo que se ve, algo sabe vostede.

-----

Como o equipo de goberno, co Alcalde, non queren debatir nun Pleno co resto dos grupos, non están dispostos, parece que teñen algo que ocultar sobre o tema dos areas, pois sí queremos facer algunha pregunta, conteste ou non, faga o que queira, despois siga botando area e xa está, non pasa nada.

**2º.-** ¿Quen solicitou a aportación da area ós arenais da Ribeira e da Barbeira?.

**SR.ALCALDE.-** Responderemos no próximo Pleno.

**3º.-** ¿Cál foi a cantidade que se solicitou?.

**SR.ALCALDE.-** Contestaremos no próximo Pleno.

**4º.-** ¿Quen dirixiu a operación deste desastre por parte do Concello?.



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Responderemos no próximo Pleno.

5º.- Unha vez que se estaba a ver que era excesiva a area que se estaba depositando nas praias da Ribeira e da Barbeira e que ian a sufrir danos irreparables os nosos arenais ¿porqué non se parou nese momento?.

SR.ALCALDE.- Responderemos no próximo Pleno.

6º.- ¿Ten o Concello un estudo da evolución deste vertido (e agora sí xa falo de vertido) e de como vai a evolucionar coas mareas e como vai a afectar ó marisqueo?.

SR.ALCALDE.- Exactamente igual que en Nigrán e en Vilagarcía. No próximo Pleno terá un informe completo.

7º.- ¿Porqué non se toma a decisión de retirar o exceso de area?, ofrézcome voluntario a ir cunha carretilla e unha pala.

SR.ALCALDE.- Está facendo unha serie de gracias sobre un tema moi serio, moi, moi serio. Está facendo bromas e ó final lle vai a caer todo encima; acabe as preguntas.

SR.LORES.- ¿E consciente o Sr.Alcalde da seriedade desta intervención?.

8º.- ¿Cando visitou Baiona o inspector da ADEAC?. ¿Cál foi o seu informe?.

SR.ALCALDE.- Contestarei no próximo Pleno. Non teño ningún informe.

9º.- ¿Qué pasou coa bandeira azul da praia da Ribeira?.

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

10º.- No próximo Pleno ¿teremos bandeira azul?.

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

11º.- ¿Qué medidas vai a tomar para que no próximo Pleno teñamos bandeira azul?.

SR.ALCALDE.- Sr.Lores, repito: siga dando este espectáculo, queda moi ben diante de 4 amigos, pero de verdade que está deixando vostede moi baixo o posto de portavoz dun partido serio; siga por ahí.

SR.LORES.- Sr.Alcalde, ROGOLLE, outra vez, que manteña as formas.

SR.ALCALDE.- As normas digo eu cales son, como Presidente desta Corporación e deste Pleno, vostede non me vai dar direccións de nada; acabe as preguntas, e senón traballe e presentas por escrito e así poderán ser contestadas neste Pleno. Traballe un pouco: menos area e máis traballo.

SR.LORES.- Sr.Alcalde, o espectáculo que está dando Baiona nos medios de comunicación é bochornoso, iso é responsabilidade súa, é súa.

SR.ALCALDE.- Faga as preguntas, estamos no punto de Preguntas.



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

SR.LORES.- Sr.Alcalde, ¿é consciente do espectáculo que está dando Baiona en todo o Estado Español?.

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**12º.-** Qué medidas vai a tomar o Concello para recuperar este desastre provocado pola incompetencia e incapacidade do equipo de goberno?.

SR.ALCALDE.- No próximo Pleno.

**PREGUNTAS DO BNG.-**

**SR.FERNANDEZ.-** Tiñamos unha serie de preguntas que facer sobre a praia, pero xa que vai contestar no próximo Pleno ó PSOE xa non as fago porque máis ou menos eran as mesmas.

**1º.-** Na entrada do Parador non se pode aparcar cos vehículos particulares porque deixouse esa rúa para os autobuses, ¿porqué na rúa Uruguay segue habendo toda unha beirarúa para aparcar autobuses?

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**2º.-** ¿Para cando está previsto que funcione o ascensor da Praza de Abastos?.

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**3º.-** Sabe vostede, Sr.Alcalde, da sentenza creo que do Tribunal Supremo, lle obrigaba ó Camping da Ladeira a retirar os bungalows e a pagar unha multa, que xa pagou, creo que de 20 millóns de pesetas, se presentou un recurso no Constitucional ¿teñen algunhas noticias dese recurso?.

SR.ALCALDE.- Contestareille no próximo Pleno.

---

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as catorce horas e vintecinco minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.